

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA



Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Preámbulo

I

A protección e conservación do ambiente converteuse nos últimos anos nunha crecente preocupación social e nun dos obxectivos esenciais das políticas públicas.

A protección do ambiente en canto ben colectivo, aínda que susceptible de gozo individual, queda encomendada de forma principal pola lexislación vixente aos poderes públicos. Configúrase así unha función pública de coidado dos recursos naturais fronte ás actuacións que o poidan lesionar ou utilizar de forma abusiva e irracional.

A Constitución española, no seu artigo 45, recoñece o dereito de todos os españois a gozaren dun ambiente axeitado para a persoa e establece o correlativo deber de conservalo. Así mesmo, por medio dos artigos 148 e 149, lévase a cabo unha distribución das competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, en virtude das cales corresponde ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación básica sobre protección do ambiente e ás comunidades autónomas a súa xestión, así como o establecemento de normas adicionais de protección.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu, a través do artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución, e, baseándose nel, veu ditando normas específicas sobre a produción e a xestión de residuos.

Así, con base no dito título competencial, aprobáronse as leis 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, como norma marco de referencia en materia ambiental, pola que se procedeu a establecer as normas que, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, configuran o sistema de defensa, protección, conservación e restauración do ambiente en Galicia e asegurar unha utilización racional dos recursos naturais, e 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, co obxectivo prioritario de mellorar a calidade de vida da cidadanía, obter un alto nivel de protección do ambiente e establecer os mecanismos necesarios para garantir que a xestión dos residuos se efectúe sen poñer en perigo a saúde das persoas nin prexudicar o ambiente.

A presente disposición, que se fundamenta igualmente no referido título competencial, vén xustificada pola necesidade de completar o marco xurídico existente regulando, de conformidade co disposto na normativa básica aprobada nos últimos anos, a produción e a xestión de residuos no ámbito territo-

rial da Comunidade Autónoma de Galicia, estendendo o seu ámbito de aplicación non só aos residuos urbanos senón tamén aos residuos xerados polas actividades industriais e comerciais, que ata a data carecían en Galicia dunha regulación con rango de lei.

Esta lei, que foi sometida ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia, enmárcase no disposto na Directiva comunitaria 2006/12/CE, do Parlamento europeo e do Consello do 5 de abril, relativa aos residuos, e incorpora os principios establecidos nos programas comunitarios de acción en materia de ambiente natural e na Lei básica 10/1998, do 21 de abril, entre cuxos obxectivos figuran a prevención da produción de residuos e o fomento, por esta orde, da súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización. Así mesmo, incorpora non só a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, que estableceu criterios básicos en canto ao concepto de residuo, senón tamén as directrices máis recentes nesta materia, reflectidas na Posición común aprobada polo Consello con vistas á adaptación da Directiva do Parlamento europeo e do Consello sobre os residuos, na cal se clarifican conceptos clave, en particular os relativos aos residuos, valorización e eliminación, e se reforzan as medidas relativas á prevención de residuos e ao valor económico destes.

É, polo tanto, unha lei que se insire no marco legal existente e cuxo contido pretende proporcionarlle á Comunidade Autónoma de Galicia un sistema actualizado de protección reforzada do ambiente, dotado de instrumentos máis precisos e adecuados á realidade que lle é propia, ao tempo que proporciona un marco estable en que tanto as actividades e os proxectos privados como a planificación pública poderán contribuír aos obxectivos de protección ambiental que nela se establecen.

Neste contexto, a Lei de residuos de Galicia establece o réxime xurídico xeral aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia á produción e xestión dos residuos, e fomenta, por esta orde, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización. Así mesmo, a lei regula aspectos como a planificación autonómica e local, o réxime de autorización administrativa para as actividades de produción, posesión e xestión dos residuos, a repartición de competencias e a regulación dos solos contaminados. Como apoio e garantía da aplicación e efectividade da lei, esta incorpora un réxime de inspección e un réxime sancionador.

II

O articulado da lei estrutúrase en dez títulos. O primeiro deles recolle as disposicións xerais da lei que lles permitirán aos órganos competentes e ás persoas particulares afectadas tanto a súa correcta aplicación a través da delimitación precisa do seu obxecto e do seu ámbito de aplicación como a súa axeitada interpretación, mediante a definición daqueles aspectos que se consideran claves para o seu cumprimento. No título I prevense tamén as

competencias en materia de residuos correspondentes ás entidades locais, ás deputacións provinciais, á Comunidade Autónoma de Galicia e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), como sociedade pública autonómica dependente da consellería.

Por outro lado, o título I establece os principios xerais da acción das administracións públicas respecto da prevención e redución da produción de residuos, a valorización e a óptima eliminación destes, xunto a outros aspectos como a promoción da información.

Pola súa banda, no título II da lei establécese a planificación en materia de residuos, que determinará a execución das actividades tanto públicas como privadas de xestión de residuos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei regula, no capítulo I deste título, as disposicións xerais e, no capítulo II, os plans de residuos da Xunta de Galicia, o seu contido mínimo, o procedemento de elaboración e os seus efectos -entre os cales destaca o seu carácter vinculante para calquera instrumento de plan urbanístico- e a súa duración e vías de revisión.

O capítulo III regula, pola súa vez, os plans de residuos que as entidades locais poderán aprobar no ámbito das súas competencias e cuxa elaboración ou modificación deberán notificar á Xunta de Galicia. Co obxecto de evitar unha duplicidade de avaliacións ambientais, a consellería competente en materia de ambiente determinará, caso por caso, a necesidade de someter o plan ou a súa modificación a unha avaliación estratéxica ambiental.

O título III da lei establece a constitución dun seguro de responsabilidade civil e/ou a prestación de fianza ou garantía a que quedan suxeitas tanto as actividades de xestión de residuos sometidas a autorización como quen produza aqueles. Ademais, establécese o réxime económico relativo ao financiamento para a xestión dos residuos.

O título IV regula o réxime da posta no mercado de produtos que co seu uso se convirten en residuos e mais as obrigas derivadas da posta no mercado, así como a xestión que dos ditos residuos pode realizar quen sexa responsable deles.

O título V da lei establece, pola súa parte, o réxime de intervención administrativa preventiva de produción e xestión de residuos, prevendo suxeitar á autorización administrativa previa, entre outros, a instalación de industrias ou actividades produtoras de residuos perigosos e a ampliación e modificación substancial ou o traslado de industrias produtoras de residuos perigosos, así como determinadas actividades de xestión, tales como o almacenamento, valorización e eliminación de residuos. Así mesmo prevése o réxime da mera notificación ao órgano competente, por parte de quen sexa titular de actividades de produción e xestión de residuos distintas das sinaladas con anterioridade, co obxecto de proceder

ao seu rexistro. Recóllense, así mesmo, outras obrigas de quen os produza, posúa e xestione.

Como novidade sublíñase a xestión diferenciada que neste título se prevé para os residuos xerados polas actividades industriais e comerciais.

O título VI regula a declaración de utilidade pública e interese social para os efectos de expropiación forzosa e o establecemento ou a ampliación de instalacións de xestión de residuos, e precisa o procedemento para obter o dito recoñecemento, completando así o disposto no artigo 12 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

O título VII regula a declaración de solo contaminado e establece o prazo dun ano para notificar a resolución de declaración e determinar o contido mínimo desta, non especificado na lexislación estatal vixente. En virtude da habilitación recollida no artigo 27.3 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, a Comunidade Autónoma de Galicia determina o órgano competente que poderá exixir a anotación rexistral da declaración de solo contaminado. Así mesmo, queda establecido o contido mínimo dos acordos voluntarios que, se é o caso, poidan ser subscritos para as operacións de limpeza e recuperación de solo, que, en todo caso, deberán ser autorizados polo órgano competente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A declaración dun solo como contaminado obriga á súa descontaminación, calquera que sexa o período transcorrido desde que esa contaminación foi producida.

Especial atención se presta ás repercusións da declaración dun solo contaminado sobre a planificación urbanística, xa que non se poderán executar desenvolvementos urbanísticos nos ámbitos que inclúan solos contaminados.

O capítulo II deste título VII regula a rexeneración de espazos degradados e establece que serán responsables desa degradación en primeiro termo a persoa física ou xurídica que efectuou a vertedura inadecuada dos residuos e, solidariamente, quen os produza ou posúa, agás que estes últimos llos entregasen a quen teña autorización para xestionar esa actividade. A maiores, respondendo así á situación histórica peculiar da xestión de residuos en Galicia, caracterizada por unha deficiente xestión dos residuos no ámbito local, regúlase que, naqueles supostos en que quen teña a responsabilidade da degradación sexa o concello, as actuacións de rexeneración necesarias sexan promovidas polo propio concello en cuxo territorio se encontre o espazo degradado.

Respecto do fomento da prevención na produción de residuos, o título VIII reconece a posibilidade de que a Comunidade Autónoma de Galicia poida conceder subvencións para incentivar a produción limpa e a implantación das mellores técnicas dispoñibles. Igualmente, establécense outras vías de promoción, principalmente de carácter educativo, para o cumprimento dos obxectivos da lei.

O título IX regula as competencias e o exercicio dos labores de inspección e vixilancia. Non obstante, a lei introduce a obriga para as empresas cuxa actividade se determine regulamentariamente de realizaren unha autoanálise ambiental con periodicidade anual, tras a declaración, se procede, de ecoeficiencia. Neste título prevese que as funcións de vixilancia e inspección ambiental poden ser realizadas directamente por persoal funcionario debidamente acreditado pola consellería competente en ambiente ou por organismos de control, igualmente autorizados pola dita consellería no ámbito dos residuos, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e co Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguranza industrial.

Os mecanismos de inspección atribuídos ás administracións refórzanse co recoñecemento na lei da figura do axente da autoridade, que realizará labores de inspección, coas pertinentes prerrogativas para o caso.

Por último, o título X, composto, pola súa vez, por dous capítulos, recolle o réxime sancionador, con fundamento constitucional no punto 3 do artigo 45 da Constitución española. Como consecuencia natural da distribución de competencias establecida no texto legal respecto das actividades incluídas no seu ámbito de aplicación, a lei atribúe á Administración da comunidade e ás entidades locais a potestade sancionadora para instruír e resolver sobre uns ou outros procedementos. Non obstante, a Administración autonómica será, en calquera caso, competente naqueles procedementos onde os feitos constitutivos da infracción afectan máis dun termo municipal.

Respecto da graduación das sancións, estas corresponden coas establecidas na Lei 10/1998 e prevese a posibilidade de que os concellos poidan establecer nas súas ordenanzas, como alternativa á multa, e no caso de infracción por abandono ou vertedura de residuos derivados do consumo privado na vía pública e espazos públicos, a posibilidade de que quen cometa unha infracción realice, con carácter voluntario, unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública.

Para os efectos da responsabilidade administrativa establecida no réxime sancionador do capítulo I, os residuos terán sempre un titular responsable, calidade que corresponderá a quen os produza, posúa ou xestione.

Destaca, por outro lado, a regulación das consecuencias derivadas de situacións de urxencia, mediante a adopción de medidas provisionais urxentes e medidas cautelares.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Nas disposicións adicionais establécense normas específicas para os residuos de establecementos

sanitarios e a desagregación do custo derivado da correcta xestión dos residuos nos pregos de condicións administrativas dos contratos administrativos, nun esforzo por regular o que se denomina «contratación verde».

Neste sentido, a xestión extracentro dos residuos xerados en áreas de centros sanitarios en que non se realizan actividades especificamente sanitarias, que non presenten risco para a saúde, correspóndelles ás entidades locais, que os xestionarán directamente ou mediante agrupacións ou outras formas de colaboración previstas na normativa de réxime local. A xestión extracentro do resto de residuos sanitarios, agás disposición específica en contrario, correspóndelle a quen os produza, e deberá entregalos a quen teña autorización para xestionar residuos.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei, a Lei de residuos de Galicia.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta lei, no marco da normativa da Unión Europea e da lexislación básica do Estado, previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico xeral da produción e xestión dos residuos, fomentando, por esta orde, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, e a regulación dos solos contaminados, co fin de protexer o ambiente e a saúde humana.

Artigo 2º.-*Obxectivos.*

O obxectivo desta lei é o de mellorar a calidade de vida da cidadanía de Galicia e alcanzar un alto nivel de protección do ambiente, dotando os entes públicos competentes dos mecanismos de intervención e control necesarios para garantir unha axeitada xestión dos residuos e, en particular:

- a) Previr os riscos para a saúde e o benestar das persoas, sen provocar incomodidades polo ruído ou polos olores.
- b) Protexer o ambiente sen crear riscos para a auga, o solo, a flora e a fauna.
- c) Preservar a paisaxe e, particularmente, os lugares de especial interese.
- d) Reducir a cantidade e nocividade dos residuos xerados en Galicia. Para tal fin, os plans de residuos e as normas de desenvolvemento e aplicación desta lei fixarán obxectivos concretos.
- e) Fomentar a recolla selectiva de residuos e mais a reutilización de produtos e materiais usados, a uti-

lización de materiais reciclados e a súa posta no mercado, así como outras formas de valorización. Para tal fin, as normas de desenvolvemento e aplicación desta lei fixarán obxectivos concretos de redución cuantitativa e cualitativa.

f) Conseguir que quen sexa responsable da posta no mercado de produtos que co seu uso se converten en residuos utilice na súa fabricación tecnoloxías limpas que permitan o aforro de recursos naturais e elabore produtos que polas súas características favorezan a prevención de residuos e faciliten a súa reutilización, reciclaxe e valoración.

g) Prohibir o abandono, a vertedura ou a eliminación incontroladas dos residuos, así como tender a limitar a eliminación dos residuos a aqueles non valorizables.

h) Regular os solos contaminados co obxecto de previr e reparar os danos no solo.

i) Promover a participación e colaboración activa dos axentes implicados na produción e na xestión dos residuos na sensibilización e concienciación social. A este respecto, as administracións actuarán coa debida transparencia, poñendo á disposición pública toda a información relativa aos residuos.

j) Promover a integración de programas de educación en materia de residuos en todos os ciclos formativos, asegurando a información á cidadanía sobre a acción pública nesta materia co fin de promover a súa colaboración para a redución e valoración dos residuos.

k) Desenvolver instrumentos de planificación, inspección e control que favorezan a suficiencia, seguranza e eficiencia das actividades de xestión dos residuos.

l) Promover liñas de I+D cara á produción limpa en Galicia.

Artigo 3º.-*Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é aplicable a todo tipo de residuos que se orixinen ou xestionen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, coas seguintes exclusións:

a) As emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, e na Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

b) Os residuos radioactivos regulados na Lei 25/1964, do 29 de abril, de enerxía nuclear.

c) As verteduras de efluentes líquidos ás augas continentais reguladas no texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo; as verteduras desde terra ao mar reguladas pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e as verteduras desde buques e aeronaves ao mar reguladas polos tratados internacionais de que España sexa parte.

2. Esta lei aplicarase supletoriamente, na falta de regulación específica, ás seguintes materias, que se rexerán pola súa lexislación específica:

a) A xestión dos residuos resultantes da prospección, extracción, valorización, eliminación e almacenamento de recursos minerais, así como da explotación de canteiras, no regulado na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

b) A actividade de produción e xestión de subprodutos animais non destinados ao consumo humano no non previsto na normativa aplicable.

c) Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras substancias naturais e non perigosas cando se utilicen exclusivamente no marco das explotacións agrarias, conforme o disposto na disposición adicional quinta da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

d) Os explosivos, cartuchos e artificios pirotécnicos desclasificados, así como os residuos de materias primas perigosas ou de produtos explosivos utilizados na fabricación dos anteriores, no regulado no Regulamento de explosivos, aprobado mediante o Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

e) As terras separadas nas industrias agroalimentarias nas súas fases de recepción e de limpeza primaria das materias primas agrícolas, cando estean destinadas á súa valorización como tratamento dos solos e produzan un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica daqueles.

Artigo 4º.-*Definicións.*

Para os efectos desta lei, e de conformidade coa Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, entenderase por:

1. Residuo: calquera substancia ou obxecto pertencente a algunha das categorías que figuran no anexo da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, do cal quen o posúa se desprenda ou do cal teña a intención ou a obriga de desprenderse. En todo caso, terán esta consideración aqueles que figuren na Lista europea de residuos (LER), aprobada polas institucións comunitarias.

Non terán a consideración de residuo:

-Os materiais, obxectos ou substancias sobrantes dun proceso de produción, transformación ou consumo que non teñan modificadas as súas propiedades e características orixinais e que se utilicen de forma directa como produto ou materia prima, sen se someteren previamente a unha operación de valorización ou eliminación e sen poñer en perigo a saúde humana nin lle causar prexuízos ao ambiente.

-Aqueles materiais, obxectos ou substancias defectuosas xeradas nun proceso produtivo que se reincorporan a este.

-Os materiais, obxectos ou substancias que se obteñan tras a valorización dos residuos que se incorporen ao ciclo produtivo.

-As terras e rochas non contaminadas de escavación utilizadas para a restauración, acondicionamento e recheo, ou con fins de construción.

2. Residuos urbanos ou municipais: os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición, se poidan assimilar aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

-Residuos procedentes da limpeza ordinaria de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.

-Animais de compañía mortos, así como mobles, aparellos e vehículos abandonados. Entenderase como animal de compañía os animais que teña no seu poder a persoa humana, sempre que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos.

-Residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

3. Residuos comerciais: residuos municipais xerados pola actividade propia do comercio polo miúdo e por xunto, a hostalaría, os bares, os mercados, as oficinas e os servizos.

Para os efectos do réxime de responsabilidades na xestión, terán tamén esta consideración os residuos non perigosos xerados pola industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos ou municipais.

4. Residuos perigosos: os definidos como tales no artigo 3.c) da Lei 10/1998 e na Decisión 2000/532/CE da Comisión do 3 de maio pola que se aproba a Lista europea de residuos, publicada mediante a Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro.

Os residuos perigosos xerados nos domicilios particulares regularanse de conformidade co disposto na normativa de residuos urbanos.

5. Residuos non perigosos: aqueles residuos non incluídos na definición anterior que se xeran nun proceso de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento dunha instalación ou actividade industrial, sanitaria ou gandeira e non teñan a consideración de residuos urbanos ou municipais.

6. Residuos de construción e demolición: aqueles que se orixinan nos procesos de execución material dos traballos de construción tanto de nova planta coma de rehabilitación ou de reparación e das operacións de desmontaxe, desmantelamento e derrubamento de edificios e instalacións e que se encontran incluídos na Lista europea de residuos aprobada pola Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a Lista europea de residuos.

Exclúense da definición anterior:

-Os residuos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria, que se considerarán urbanos e municipais, e entenderanse por tales os de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume do uso das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguranza dos edificios ou instalacións de todas as clases.

-Os residuos de construción e demolición que teñan a consideración de perigosos, que se rexerán pola súa normativa específica.

7. Residuos inertes: aqueles residuos non perigosos que non experimentan transformacións físicas, químicas ou biolóxicas significativas. Os residuos inertes non son solubles nin combustibles e non reaccionan física nin quimicamente, nin de ningún outro modo, non son biodegradables e non os afectan negativamente outras materias con que entran en contacto de maneira que poidan dar lugar á contaminación do ambiente ou prexudicar a saúde humana. A lixiviabilidade total, o contido de contaminantes dos residuos e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes e, en particular, non deberán supoñer un risco para a calidade das augas superficiais e/ou subterráneas.

8. Residuos industriais: aqueles residuos que, sendo ou non perigosos, se xeran nun proceso de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento dunha instalación ou actividade industrial e dos que quen os produce ou posúe ten vontade de desprenderse.

9. Prevención: o conxunto de medidas destinadas a evitar a xeración de residuos ou a conseguir a súa redución, ou a da cantidade e nocividade de substancias perigosas ou contaminantes presentes neles.

10. Produtor/a de residuos: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor ou produtora inicial de residuos), excluída a derivada do consumo doméstico, ou que efectúe, logo de autorización, operacións de tratamento previo, de mestura ou doutro tipo que ocasionen un cambio de natureza ou de composición deses residuos.

Terá tamén carácter de produtor/a de residuos quen importe ou adquira residuos en calquera Estado membro da Unión Europea.

11. Produtor/a de residuos perigosos: aqueles/as produtores/as que xeren ou importen residuos perigosos e aquelas actividades que xeren ou importen produtos que polo seu uso poidan dar lugar a residuos perigosos.

12. Posuidor/a: quen produza os residuos ou a persoa física ou xurídica que os teña no seu poder e que non teña a condición de xestor/a de residuos.

13. Xestor/a: a persoa ou a entidade, pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non quen produza estes.

14. Responsable da posta no mercado: o/a fabricante ou, na súa falta e por esta orde, o/a importador/a, o/a adquirente noutro Estado membro da Unión Europea, o/a axente ou intermediario/a ou os/as axentes económicos dedicados á distribución dos produtos.

15. Xestión: a recolla, a clasificación, o almacenamento, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a vixilancia dos lugares de depósito ou vertedura, despois do seu peche. Para os efectos desta lei, a reutilización non se considera unha operación de xestión de residuos.

16. Recolla: toda operación, realizada por un xestor ou xestora, consistente en recoller, clasificar, agrupar ou preparar residuos para o seu transporte e entrega a xestor/a.

17. Transporte: o traslado dos residuos desde o seu lugar de produción ata os centros onde se realizan as operacións de xestión, así como os traslados de residuos destes entre si.

Non se inclúe neste concepto o traslado de residuos realizado por quen os posúa ou produza cos seus propios medios ata os centros de recolla e almacenamento, cando a cantidade para transportar sexa inferior ao límite que se determine regulamentariamente, isto sen prexuízo das limitacións que a normativa de transporte de mercadorías poida establecer.

18. Almacenamento: o depósito temporal de residuos por tempo inferior a dous anos, se o seu destino é a valorización, un ano se é a eliminación, ou seis meses, se se trata de residuos perigosos.

Non se inclúe neste concepto o depósito temporal de residuos nas instalacións de produción cos mesmos fins e por períodos de tempo inferiores aos sinalados ou os superiores que fosen previamente autorizados pola consellería competente en materia de ambiente.

19. Reciclaxe: a transformación dos residuos, dentro dun proceso de produción, para o seu fin inicial ou para outros fins, incluída a compostaxe e a biometanización, pero non a incineración con recuperación de enerxía.

20. Reutilización: o emprego dun produto ou material usado para o mesmo fin para o cal foi deseñado orixinariamente sen necesidade de sometelo con carácter previo a ningunha das operacións que figuran na lista de operacións de valorización aprobada polas institucións comunitarias.

21. Rexeneración: procedemento a que é sometido un produto usado ou desgastado para os efectos de lle devolver as calidades orixinais que permitan a súa reutilización.

22. Vertedoiro: instalación de eliminación de residuos mediante o seu depósito subterráneo ou na superficie, por períodos de tempo superiores aos recollidos no número 19 anterior.

Inclúense neste concepto as instalacións internas de eliminación de residuos, é dicir, os vertedoiros en que quen os produce elimina os seus residuos no lugar de produción. Non se inclúen as instalacións en que se descargan os residuos para a súa preparación para o transporte posterior a outro lugar para a súa valorización, tratamento ou eliminación.

23. Valorización: todo procedemento que permita o aproveitamento dos recursos contidos nos residuos sen poñer en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que poidan causar prexuízos ao ambiente. Inclúese neste concepto o almacenamento previo á valorización, entendéndose como tal as seguintes operacións:

-O depósito de residuos que, por formar parte do proceso de valorización, se realice para facilitar ou posibilitar as operacións de valorización.

-O depósito de residuos que se realiza con carácter previo a unha actividade de valorización para posibilitar a súa posta en marcha.

24. Eliminación: todo procedemento dirixido ben á vertedura dos residuos ben á súa destrución, total ou parcial, realizado sen poñer en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que poidan causar prexuízos ao ambiente. Inclúense neste concepto as instalacións de incineración destinadas ao tratamento de residuos urbanos cando a súa eficiencia enerxética resulte inferior ao disposto na normativa de residuos; así mesmo, inclúese neste concepto o almacenamento previo á eliminación e enténdese como tal as seguintes operacións:

-O depósito de residuos que, por formar parte do proceso de eliminación, se realice para facilitar ou posibilitar as operacións de eliminación.

-O depósito de residuos que se realiza con carácter previo a unha actividade de eliminación para posibilitar a súa posta en marcha.

25. Planta móbil: instalación de valorización ou eliminación destinada a permanecer por un tempo limitado nun lugar e deseñada para ser desarmada ou desmantelada para o seu traslado.

26. Solo contaminado: todo aquel cuxas características físicas, químicas ou biolóxicas foron alteradas negativamente pola presenza de compoñentes de carácter perigoso de orixe humana, en concentración tal que comporte un risco para a saúde humana ou o ambiente, de acordo cos criterios estándares e procedemento que se determine regulamentariamente.

27. Actividades potencialmente contaminantes: aquelas actividades de tipo industrial ou comercial que, xa polo manexo de substancias perigosas xa pola xeración de residuos, poidan contaminar o solo.

28. Espazo degradado: aquel que foi obxecto de verteduras incontroladas ou dun inadecuado depósito de residuos.

29. Sistema integrado de xestión: sistema establecido e financiado mediante acordo dos axentes económicos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se converten en residuos, para garantir a correcta xestión destes.

30. Empresa xestora do sistema integrado de xestión: entidade sen ánimo de lucro cuxa misión é a de realizar as actuacións necesarias para o correcto funcionamento do sistema ou sistemas integrados de xestión constituídos e a consecución dos seus fins.

31. Autodiagnóstico ambiental: autoanálise da actividade das instalacións encamiñada, entre outros fins, á optimización da ecoeficiencia mediante a aplicación de técnicas de produción limpa e das mellores tecnoloxías dispoñibles, á implantación da prevención de residuos e doutras fontes contaminantes e á adopción de medidas preventivas, para os efectos de minimizar os riscos ambientais.

32. Auditoría ambiental: ferramenta de control ambiental que ten entre os seus fins a colaboración coas empresas para a identificación dos puntos críticos ambientais e a cooperación con elas para a adopción de medidas que melloren a súa ecoeficiencia, incluída a minimización na xeración de residuos, así como aqueloutras que contribúan a diminuír os riscos ambientais. Así mesmo, servirá para verificar os datos subministrados polas empresas tanto no documento de autodiagnóstico como na declaración de ecoeficiencia (ou declaración de sustentabilidade).

33. Declaración de ecoeficiencia (ou declaración de sustentabilidade): documento en que se inclúen os resultados da aplicación dun autodiagnóstico.

CAPÍTULO II

ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS

Artigo 5º.-Competencias das entidades locais en materia de residuos.

1. As entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos, nos termos previstos nesta lei e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. En particular, correspóndelles aos municipios:

a) Prestar, por si sós ou asociados, os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas súas respectivas ordenanzas e, se for o caso, plans de xestión de residuos.

Os municipios xestionarán os servizos públicos de recolla, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais de forma directa ou indirecta.

b) Implantar sistemas de recolla selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

c) Chegar a acordos con quen produza residuos comerciais para a consecución da súa correcta xestión.

d) Elaborar os plans de xestión de residuos urbanos, de acordo co que, se for o caso, se estableza nesta lei e nos plans de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Xestionar adecuadamente os residuos urbanos ou municipais abandonados en vías ou espazos públicos de titularidade municipal.

f) Vixiar, inspeccionar e sancionar no ámbito das súas competencias.

g) Exercer as competencias que, se for o caso, lles sexan atribuídas con carácter temporal ou permanente polas administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo. Este exercicio poderase levar a cabo directamente ou mediante a constitución e participación en entes supramunicipais ou doutra índole de entre os previstos no ordenamento xurídico.

Artigo 6º.-Competencias das deputacións provinciais.

Son competencias das deputacións provinciais as seguintes:

1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme o establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos concellos na prestación do servizo de recolla e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos.

2. Así mesmo, de acordo co contido dos plans de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de plans comarcais e locais de xestión de residuos.

Artigo 7º.-Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Son competencias da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes:

a) A autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión de residuos.

b) A autorización dos sistemas integrados de xestión de residuos que se constitúan en virtude de acordos voluntarios, así como a súa vixilancia, inspección e sanción.

c) A declaración de solo contaminado, a realización dun inventario de solos contaminados e as demais que, en relación con estes, lle atribúan a normativa básica e esta lei.

d) A autorización de traslados de residuos desde ou cara a países da Unión Europea, regulados na normativa comunitaria, así como os traslados no interior do territorio do Estado que teñan a súa orixe ou destino na Comunidade Autónoma de Galicia,

e a inspección e, se for o caso, sanción derivada dos citados réximes de traslados.

e) Autorizar a eliminación de residuos procedentes doutras comunidades autónomas.

f) A elaboración dos plans autonómicos de residuos.

g) Declarar como servizo público, de titularidade autonómica ou municipal, todas ou algunhas das operacións de xestión de determinados residuos.

h) Obrigar a quen sexa responsable da posta no mercado de produtos que co uso se convertan en residuos a elaborar produtos que polas súas características favorezan a prevención na xeración de residuos e faciliten a súa valorización, así como a constituír sistemas integrados de xestión ou a adoptar as medidas oportunas para garantir a súa correcta xestión.

i) Velar pola adecuada prestación dos servizos municipais obrigatorios, respectando as competencias locais na materia.

j) O exercicio da potestade expropiatoria para o establecemento ou a ampliación de instalacións de xestión de residuos.

k) Adoptar as medidas excepcionais necesarias para garantir a xestión dos residuos no caso de cesamento de actividade dun sistema integrado de xestión.

l) O desenvolvemento de programas de apoio á produción limpa nas empresas e industrias dentro do territorio galego.

m) Calquera outra que, en relación con esta lei, lle sexa atribuída polo ordenamento xurídico.

n) Calquera outra actividade relacionada cos residuos que non veña atribuída por lei á Administración xeral do Estado ou aos entes locais.

Artigo 8º.-*Órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A actuación da Xunta de Galicia nas materias a que se refire esta lei levarase a cabo a través da consellería competente en ambiente, cando non haxa lexislación específica que atribúa esa competencia a outra consellería ou organismo.

Artigo 9º.-*Coordinación interadministrativa.*

1. As entidades locais galegas coordinarán as súas competencias entre si, e coa Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración do Estado, co fin de realizar as accións necesarias para a consecución dos obxectivos establecidos nesta lei e dos que poidan estar previstos nos correspondentes plans de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Co fin de asegurar a coherencia da actuación das administracións públicas, a Xunta de Galicia dispoñerá dos procedementos previstos na normativa de réxime local. Así mesmo, e de conformidade co disposto nos artigos 205 e seguintes da

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúeselle a facultade de coordinar a actuación das entidades locais e, en especial, das deputacións provinciais, cando as actividades ou os servizos locais comprendidos dentro dos obxectivos desta lei transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os da Xunta de Galicia ou sexan concorrentes ou complementarios desta.

A potestade de coordinación das entidades locais exercerase a través dos plans de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de residuos, que fixarán os obxectivos e as prioridades da acción pública en materia de residuos e a vinculación das entidades locais ao seu contido, nos termos previstos na lexislación básica e nesta lei.

CAPÍTULO III

DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

Artigo 10º.-*Sociedade Galega do Medio Ambiente.*

1. A *Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.*, creada polo Decreto 111/1992, do 11 de abril, é unha sociedade pública autonómica dependente da consellería competente en materia de residuos, á cal corresponden as seguintes funcións:

a) A xestión dos residuos urbanos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas seguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado dos residuos.

b) A xestión daqueles outros residuos que figuren no seu obxecto social.

c) A realización de accións para a mellora da xestión e da prevención de residuos, incluídas as actuacións de formación e sensibilización.

d) Calquera outra que lle sexa atribuída e que teña relación co seu obxecto social.

2. Toda a xestión da *Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.* se realizará de tal forma que se garanta o cumprimento de todos os obxectivos recollidos nesta lei, e nos correspondentes plans de residuos da Xunta, para o cal deberá concertar as súas accións coas dos xestores ou xestoras que interveñan nas fases iniciais do proceso.

3. Para o cumprimento destes fins a *Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.* poderá desenvolver as súas actividades total ou parcialmente mediante a titularidade de accións ou de participacións en sociedades con obxecto idéntico ou análogo.

CAPÍTULO IV

ACCIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 11º.-*Principios xerais.*

1. A Xunta de Galicia e as entidades locais, en colaboración coa Administración do Estado, coordi-

narán as súas competencias para realizar unha execución conxunta das accións necesarias para:

a) Promover entre a cidadanía patróns de consumo responsables que favorezan a redución en orixe dos residuos.

b) Acadar obxectivos concretos de redución da cantidade e nocividade dos residuos implementando medidas de fomento da produción limpa.

c) Acadar obxectivos concretos de valorización dos residuos a través da súa recolla selectiva, reutilización, reciclaxe e recuperación enerxética ou calquera outro procedemento dirixido ao aproveitamento dos recursos que conteñen.

d) Promover a implantación de instalacións e infraestruturas adecuadas para a xestión dos residuos da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Limitar a eliminación dos residuos aos non susceptibles de seren valorizados nas instalacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Impedir a eliminación incontrolada dos residuos e promover a rexeneración dos espazos degradados.

g) Potenciar o uso de produtos procedentes da valorización de residuos.

h) Garantir o traslado de residuos en condicións seguras.

i) Impulsar o desenvolvemento de programas de formación ambiental, información, sensibilización e concienciación social que susciten a participación e colaboración activa da cidadanía, así como facilitar o diálogo entre a Xunta de Galicia e os distintos axentes económicos e sociais, asociacións ecoloxistas e produtores/as e xestores/as, en xeral, en todo o ciclo de vida do residuo.

2. Co fin de asegurar a coherencia e a efectividade destas accións en materia de xestión de residuos, atribúeselle á Xunta de Galicia a facultade de coordinar a actuación das entidades locais no exercicio daquelas competencias que transcendan os intereses locais e estean comprendidas dentro dos obxectivos desta lei.

3. Co obxecto de facer efectivos os principios de eficacia e eficiencia relativos á actuación das administracións públicas, previstos nos parágrafos un e dous do artigo 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as administracións con competencias en materia de residuos garantirán na súa execución a suficiencia de medios humanos e materiais, tanto para a promoción e o fomento como para a información, prevención, vixilancia e control.

Artigo 12º.-*Prevención de residuos.*

Para a prevención de residuos as administracións públicas competentes fomentarán:

a) O uso de tecnoloxías limpas que permitan un maior aforro dos recursos naturais.

b) O deseño, a fabricación, a comercialización e o uso de produtos que xeren o menor impacto ambiental ao longo do seu ciclo de vida, e que permitan a súa máis idónea valorización, prestando especial atención aos envases compostos.

c) A utilización das mellores técnicas dispoñibles para a eliminación das substancias perigosas contidas nos residuos destinados a valorización ou eliminación.

d) A adopción e o cumprimento de medidas de prevención por parte de quen produza os residuos nos termos previstos nesta lei.

e) O desenvolvemento de programas sectoriais de minimización de residuos e emisións.

Artigo 13º.-*Valorización.*

1. Co obxecto de acadar a valorización adecuada dos residuos as administracións competentes en materia de residuos fomentarán:

a) A recolla selectiva de todos aqueles compoñentes susceptibles de seren reutilizados ou reciclados, incluíndo a posta en marcha de sistemas de recolla que permitan o maior aproveitamento dos recursos contidos nos residuos.

b) A separación, previamente ao comezo do tratamento, do resto de compoñentes que, aínda non sendo recollidos selectivamente, poidan ser obxecto de reciclaxe ou recuperación.

c) A reciclaxe, así como outras formas de recuperación nos recursos contidos nos residuos.

2. Os obxectivos da valorización, así como as medidas para a súa consecución, deberán estar previstos nos plans de residuos.

Artigo 14º.-*Optimización na eliminación.*

1. Todo residuo potencialmente valorizable, de acordo coas mellores técnicas dispoñibles nas instalacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá ser destinado a este fin.

2. A eliminación de residuos realizarase coa mellor tecnoloxía dispoñible, respectando os principios de suficiencia, proximidade e responsabilidade compartida.

3. Excepcionalmente, a pesar do disposto no número 1 deste artigo, e logo da autorización do órgano competente en materia de ambiente, poderán ser obxecto das operacións propias de depósito controlado ou vertedoiro aquelas fraccións valorizables que non resulte posible comercializar pola situación conxuntural do mercado.

Artigo 15º.-*Formación e concienciación.*

No marco dos principios xerais de actuación, desenvolveranse accións de formación e concienciación cidadá dirixidas a:

a) Promover a participación activa na mellora da recolla selectiva e, en especial, da separación en orixe de residuos.

b) Fomentar a diminución do uso de envases e embalaxes innecesarios, principalmente os de difícil reutilización ou reciclaxe.

c) Potenciar a educación ambiental e a integración de programas de educación en materia de residuos en todos os ciclos formativos.

d) Potenciar a creación de mesas de participación, estudo e traballo conxunto, co fin de plasmar e realizar un seguimento das especificacións do plan de residuos e do cumprimento do establecido nesta lei.

e) Facilitar a consecución de acordos concretos entre a Xunta de Galicia e quen teña a representación dos sectores produtivos e de asociacionismo ecolóxico e cidadán.

f) Favorecer o diálogo e o compromiso entre os sectores da industria e do consumo e as administracións públicas no ámbito da protección do ambiente.

g) Informar das consecuencias nocivas para o ambiente que pode ter o uso incorrecto dos produtos que xeren residuos tóxicos ou perigosos.

TÍTULO II

PLANIFICACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 16º.-*Da planificación.*

As actividades, tanto públicas como privadas, de xestión de residuos executaranse conforme os plans de residuos aprobados polas administracións públicas competentes.

Artigo 17º.-*Obxectivos do Plan autonómico de xestión de residuos.*

1. A planificación da xestión dos residuos pola Comunidade Autónoma de Galicia persegue a coordinación entre as diferentes administracións públicas con competencias neste ámbito, tendo en conta a incidencia económica, social, cultural, ecolóxica, demográfica e territorial da xestión integral dos residuos, para lograr o cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) Prever e reducir a produción de residuos e a súa nocividade.

b) Garantir que todo residuo susceptible de ser valorizado se destinará a tales fins.

c) A determinación e a distribución no territorio do conxunto de instalacións de xestión necesarias para garantir os principios de autosuficiencia e proximidade na xestión de residuos xerados na Comunidade Autónoma galega.

d) Evitar o depósito incontrolado de residuos.

2. Para a consecución dos obxectivos definidos neste artigo, fomentárase a aplicación das melloras técnicas dispoñibles.

CAPÍTULO II

PLANIFICACIÓN AUTONÓMICA

Artigo 18º.-*Plans de residuos da Xunta de Galicia.*

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia a elaboración e aprobación dos plans de residuos de conformidade co previsto na normativa básica, nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Os plans de residuos da Xunta de Galicia conterán polo menos as seguintes determinacións:

a) Ámbito material, territorial e temporal, así como o procedemento de revisión.

b) Análise e diagnóstico da situación existente e estimación dos residuos obxecto do plan: cantidade, tipoloxía e orixe, así como operacións de xestión a que se someten. Especialmente deberán incluír unha análise e diagnóstico da situación actual en relación cos núcleos de poboación, actividade económica e social e medio rural.

c) Principios que deben rexer a xestión dos residuos afectados polo plan.

d) Obxectivos específicos de redución, reutilización, reciclaxe, outras formas de valorización e eliminación dos residuos, e as medidas que se deben adoptar para a consecución destes obxectivos.

e) Plan de infraestruturas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos.

f) Criterios que se deben ter en conta para a localización das infraestruturas necesarias.

g) Estimación dos custos de execución do plan.

h) Programación temporal das actuacións previstas para a execución do plan.

i) Para efectos da coordinación interadministrativa prevista no artigo 9 desta lei, procedemento de integración, se for o caso, das entidades locais no plan.

j) Directrices básicas a que deberán adecuar, se for o caso, os plans das entidades locais.

3. Como documento anexo formularase un programa financeiro de actuación en que se expresarán e valorarán os custos económico-financeiros derivados tanto da execución do plan como do proceso de xestión dos residuos, e propoñerase a súa repartición entre todas as persoas e entidades implicadas no plan. Igualmente, establecerase a achega da Xunta de Galicia ao financiamento do plan, así como as axudas ou subvencións existentes por parte do resto das institucións. Este programa poderá ser revisado independentemente do plan propiamente dito.

Artigo 19º.-*Procedemento de elaboración.*

1. A elaboración dos plans da Xunta de Galicia en materia de residuos axustarase ao seguinte procedemento:

a) A consellería competente en materia de ambiente elaborará un documento de referencia para a realización da avaliación ambiental estratéxica do plan,

sobre a base do cal se redactará o informe de sustentabilidade ambiental e unha proposta do plan.

b) A proposta do plan, que inclúe o informe de sustentabilidade, someterase ao trámite de consultas definidas no documento de referencia, que, en todo caso, incluírá a consulta a todas as administracións públicas afectadas, incluídas, se for o caso, as doutra comunidade autónoma e as doutro Estado membro. Así mesmo, someterase ao trámite de información pública durante un período non inferior a corenta e cinco días. O período de información pública anunciarase no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que o público interesado poida examinalo e formular as alegacións que considere oportunas.

c) Finalizada a fase de consultas, elaborárase unha memoria ambiental co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do plan. A memoria ambiental conterá as determinacións finais que se deberán incorporar á proposta do plan.

d) Tomando en consideración as alegacións formuladas nas consultas, o informe de sustentabilidade ambiental e a memoria ambiental, a consellería competente en materia de ambiente, nun prazo non superior a trinta días, elevaralle a proposta do plan ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

e) O plan aprobarase mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia e a consellería competente en materia de residuos farao público e procederá á súa difusión para garantir o coñecemento á cidadanía e ás administracións implicadas. O texto íntegro do plan aprobado será remitido ao Parlamento de Galicia.

f) A consellería competente en materia de ambiente realizará un seguimento dos efectos no ambiente da aplicación ou execución do plan.

2. O programa financeiro de actuación do plan será aprobado directamente polo Consello da Xunta por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de ambiente e non estará suxeito aos trámites procedementais previstos nos puntos anteriores para o conxunto do plan.

Artigo 20º.-*Publicidade do plan.*

A consellería competente en materia de ambiente poñerá á disposición das administracións públicas consultadas e do público afectado a seguinte documentación:

1. O plan aprobado.

2. Unha declaración que resuma como se integron no plan os aspectos ambientais, e como se tomou en consideración o informe de sustentabilidade ambiental, os resultados das consultas, a memoria ambiental e, se for o caso, as discrepancias que puideren xurdir no proceso, así como as razóns da escolla do plan en relación coas alternativas consideradas.

3. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

4. Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos números 2 e 3.

Artigo 21º.-*Efectos.*

1. Os plans en materia de residuos aprobados pola Xunta poderanse declarar de incidencia supramunicipal de acordo coa normativa de ordenación do territorio de Galicia.

2. Os plans serán de obrigado cumprimento para administracións públicas e particulares, e constitúen, en especial, un límite vinculante para calquera instrumento de plan urbanístico, cuxas determinacións non poderán modificar, derogar ou deixar sen efecto aqueles.

3. Os instrumentos de plan urbanístico deberán adaptarse ás determinacións dos plans da Xunta en materia de residuos nos prazos que determinen estes plans e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico.

4. Decláranse de interese público, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, as infraestruturas de xestión de residuos consideradas nos plans autonómicos de residuos.

Artigo 22º.-*Revisión.*

Os plans de residuos da Xunta de Galicia revisaranse:

1. Nos prazos previstos neles, que non excederán o prazo máximo de dez anos.

2. En calquera caso, cando concorran circunstancias sobrevidas que o fagan necesario, e, especialmente, para adaptar o seu contido ás exigencias que deriven das modificacións que se produzan na normativa autonómica, estatal e comunitaria na materia de que se trate.

Artigo 23º.-*Duración.*

Os plans da Xunta en materia de residuos terán a duración prevista neles e prorrogaranse automaticamente en canto non se aprobe un novo plan que os substitúa.

CAPÍTULO III

PLANIFICACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

Artigo 24º.-*Plans de residuos das entidades locais.*

1. As entidades locais poderán elaborar e aprobar os seus propios plans de xestión de residuos urbanos, de conformidade co previsto na normativa básica, nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento e nos plans autonómicos en materia de residuos.

2. Os plans de residuos urbanos das entidades locais respectarán as directrices contidas nos plans de residuos da Xunta, e conterán, como mínimo, as determinacións recollidas nos números 2 e 3 do artigo 18º desta lei, ben que referido ao seu ámbito territorial.

Artigo 25º.-Elaboración.

1. A entidade local que se propoña elaborar o seu propio plan en materia de residuos ou modificar os xa existentes notificarallo á Xunta de Galicia.

2. Co obxecto de evitar que se produza unha duplicidade de avaliacións ambientais, a consellería competente en materia de ambiente determinará, caso por caso, a necesidade de someter o plan ou a súa modificación a unha avaliación estratéxica ambiental, de acordo co establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e na normativa autonómica aplicable.

3. Para os efectos do establecido no punto anterior, antes da súa aprobación definitiva, a entidade local remitiralle á Xunta o texto íntegro do proxecto e as alegacións recibidas durante o período de información pública, xunto coas súas correspondentes contestacións e informes técnicos.

4. Unha vez aprobado definitivamente o plan, a entidade local procederá á súa publicación e adoptará as medidas pertinentes para asegurar a súa máxima difusión e o seu coñecemento pola cidadanía, e deberá manter á disposición desta e das entidades públicas e privadas que o soliciten o seu texto íntegro.

Artigo 26º.-Revisión.

Os plans das entidades locais en materia de residuos revisaranse no prazo previsto neles e cando concorran circunstancias sobrevidas que o fagan necesario, e, en todo caso, cando necesiten adaptarse ás directrices e aos obxectivos do correspondente plan autonómico de residuos, así como ás exixencias que deriven das modificacións que se produzan na normativa autonómica, estatal e comunitaria na materia de que se trate.

Artigo 27º.-Duración.

Os plans dos entes locais en materia de residuos terán a duración prevista neles e prorrogaranse automaticamente en canto non se aprrobe un novo plan que os substitúa.

TÍTULO III

MEDIDAS ECONÓMICAS E FINANCEIRAS

Artigo 28º.-Garantías financeiras das actividades sometidas a autorización.

1. As autorizacións das actividades de xestión de residuos quedarán suxeitas á constitución por parte de quen as solicite dun seguro de responsabilidade civil e/ou á prestación dunha fianza ou outra garantía equivalente na forma e contía que en cada autorización se determine, de acordo co que regulamentariamente se estableza.

2. Así mesmo, a consellería competente en materia de ambiente exixirá, cando sexa o caso, a quen produza os residuos a constitución dun seguro de responsabilidade civil e/ou a prestación dunha fianza

ou outra garantía equivalente, na forma que regulamentariamente se estableza.

3. Estas garantías terán por finalidade asegurar o cumprimento, ante as administracións públicas, das obrigas que incumban en virtude da autorización expedida, e das derivadas, se for o caso, da posible execución subsidiaria por parte da administración competente, así como da reparación dos posibles danos e do custo da restauración.

Artigo 29º.-Recursos económicos.

A xestión dos residuos poderase financiar mediante os seguintes recursos:

a) As taxas e os prezos públicos obtidos pola prestación dos servizos de xestión de residuos, recadados polas administracións municipal e autonómica.

b) Os prezos privados obtidos polas empresas legalmente autorizadas para intervir na xestión.

c) As subvencións asignadas a xestores públicos ou privados.

d) Calquera outro tributo que se poida establecer para o financiamento das operacións de xestión de residuos.

TÍTULO IV

POSTA NO MERCADO DE PRODUCTOS QUE CO SEU USO SE CONVERTEN EN RESIDUOS

Artigo 30º.-Obrigas.

Quen sexa responsable da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos estará obrigado/a, con anterioridade á posta no mercado dos primeiros, a:

a) Obter de quen os fabricou información suficiente sobre a cantidade e as características dos residuos que, previsiblemente, se poidan xerar, e os sistemas de xestión a que estes se deberían someter, así como, no caso de conteren substancias ou preparados perigosos, a ficha de datos de seguranza dos correspondentes produtos.

b) Adoptar as medidas pertinentes para asegurar a adecuada xestión dos residuos derivados dos seus produtos cando as características destes non permitan a súa xestión a través dos sistemas e instalacións en funcionamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 31º.-Réxime xeral.

1. Os axentes económicos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos optarán por unha das seguintes alternativas:

a) Facerse cargo directamente da xestión dos residuos derivados dos seus produtos.

b) Participar nun sistema integrado de xestión deses residuos.

c) Contribuír economicamente aos sistemas públicos de xestión de residuos, en medida tal que se cubran os custos atribuíbles á súa xestión.

d) Aceptar un sistema de depósito, devolución e retorno dos residuos derivados dos seus produtos.

2. Regulamentariamente, poderase establecer unha listaxe de produtos que co seu uso se convertan en residuos e para os cales sexa obrigatorio optar por unha das alternativas previstas no número anterior.

3. Así mesmo, quen sexa responsable da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos deberá informar anualmente o órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma dos residuos producidos na súa actividade de fabricación e do resultado cualitativo e cuantitativo das operacións efectuadas para a xestión deles.

Artigo 32º.-*Sistemas integrados de xestión.*

1. Para o cumprimento de todas ou dalgunhas das obrigas previstas no número 1 do artigo anterior, quen sexa responsable da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos poderá establecer os seus propios sistemas integrados de xestión mediante a formalización de acordos voluntarios autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Á solicitude de autorización dos sistemas a que alude o punto primeiro deberase achegar a documentación acreditativa dos seguintes aspectos:

a) Características dos produtos incluídos e dos residuos que se poidan xerar polo seu uso.

b) Delimitación do seu ámbito territorial de actuación.

c) Medidas que se deben adoptar tanto para a prevención da súa xeración como, se for o caso, para facilitar a súa reutilización, reciclaxe ou calquera outro tipo de valorización antes da súa eliminación, tendo en conta as particularidades da distribución da poboación e dos asentamentos poboacionais en Galicia, así como da súa orografía.

d) Obrigas asumidas por quen sexa responsable da posta no mercado dos produtos e polos demais axentes económicos que interveñen no sistema.

e) Mecanismos de control, seguimento e revisión.

f) Alternativas de xestión dos residuos resultantes.

g) Estimación da cantidade de residuos que se poidan xerar anualmente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Obxectivos previstos de redución, reciclaxe e valorización.

i) Designación dunha persoa representante da empresa xestora do sistema integral de xestión que actúe como única interlocutora coa administración.

j) Orzamento anual, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, do sistema integrado de xestión.

k) Acordo adoptado entre os axentes económicos que operen nos sectores interesados e subscritos por todos e cada un deles.

l) Relación e cantidade de produtos postos no mercado que co seu uso se convertan en residuos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificar estas autorizacións é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se notificar resolución expresa, a autorización entenderase denegada.

4. As autorizacións poderán introducir as condicións que se consideren necesarias para a súa efectividade, así como prever a constitución dunha garantía que asegure o cumprimento das obrigas asumidas, e o establecemento de obrigas de subministración de información, análise económica e auditorías sobre a xestión dos residuos.

Artigo 33º.-*Mecanismos de control.*

Cando existan varios sistemas integrados de xestión para unha mesma categoría de residuos segundo a Lista europea de residuos, estes están obrigados ao establecemento dunha oficina de coordinación en que estean representados todos os sistemas.

Artigo 34º.-*Suspensión ou revogación da autorización.*

No caso de incumprimento das condicións e dos requisitos establecidos na autorización, e logo da audiencia da parte interesada, o órgano competente en materia de ambiente poderá suspender temporalmente ou revogar a autorización, sen prexuízo da responsabilidade administrativa derivada do incumprimento, que se determinará, cando proceda, no expediente sancionador que se inicie para o efecto.

Artigo 35º.-*Convenios de colaboración.*

Para o cumprimento de todas ou dalgunhas das obrigas sinaladas nos artigos anteriores deste título, quen sexa responsable da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos poderá, así mesmo, subscribir convenios de colaboración coa Xunta de Galicia.

Artigo 36º.-*Medidas excepcionais no caso de cesamento de actividade dos sistemas integrados de xestión de residuos.*

1. Cando un sistema integrado de xestión cese na súa actividade ou a súa autorización quede suspendida ou revogada, a Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de ambiente, determinará a forma de xestión dos residuos incluídos no sistema.

2. Nos supostos previstos no punto anterior, os axentes económicos participantes no sistema integrado de xestión quedan obrigados a contribuír eco-

nomicamente aos sistemas públicos de xestión de residuos na medida necesaria para cubrir os custos atribuíbles á xestión deses residuos ata o momento en que o axente económico correspondente ou ben acredite a súa participación nun sistema integrado de xestión debidamente autorizado e en funcionamento ou ben xustifique que o xestiona por si mesmo.

TÍTULO V

RÉXIME DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 37º.-Réxime de intervención administrativa da produción e xestión de residuos.

1. Están suxeitas a autorización administrativa previa do órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma as seguintes industrias e actividades:

1.1. Produción de residuos: a instalación de industrias ou actividades produtoras de residuos perigosos, a ampliación e modificación substancial ou o traslado de industrias ou actividades produtoras de residuos perigosos, así como aquelas industrias ou actividades produtoras de residuos que non teñen a consideración de perigosos e figuren nunha lista que, se for o caso, se aprobe por razón das excepcionais dificultades que poida presentar a xestión dos residuos producidos.

1.2. Xestión de residuos: o almacenamento, valorización e eliminación de residuos, así como o transporte de residuos perigosos cando quen os transporta asuma a titularidade dos residuos no momento da recolla no lugar de produción.

2. As autorizacións deberán ser solicitadas por quen sexa titular das industrias ou actividades afectadas.

3. Quen sexa titular das actividades de produción e xestión de residuos distintas das enumeradas no número 1 deberá notificarlo ao órgano competente en materia de ambiente para a súa inscrición no Rexistro de Produtores/as e Xestores/as de Residuos.

4. As actividades de xestión de residuos urbanos realizadas directamente polos concellos ou entes locais e a produción deles polas persoas particulares non estarán sometidas ao réxime de control previo previsto neste artigo.

5. Regulamentariamente establecerase o réxime xurídico das autorizacións de xestión e produción e o rexistro das actividades previstas neste artigo, así como as actividades de produción de residuos perigosos e non perigosos que pola súa escasa incidencia ambiental non necesiten a intervención administrativa prevista neste artigo.

6. Quedarán exentas das autorizacións a que se refiren os números anteriores aquelas industrias e actividades a que resulte aplicable a normativa sobre prevención e control integrado da contaminación.

Artigo 38º.-Obrigas de quen produza, posúa e xestione residuos.

Quen produza, posúa e xestione residuos deberá cumprir as seguintes obrigas xerais:

1. As previstas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, sen prexuízo doutras obrigas establecidas na lexislación vixente.

2. As previstas nesta lei e nas normas que a desenvolvan, así como no desenvolvemento regulamentario.

3. Facilitarlle á consellería competente en materia de ambiente a información que esta lles requira en relación coa natureza, características e composición dos residuos que posúan, así como nos labores de inspección en relación coas materias reguladas nesta lei.

4. Comunicarlle ao órgano ambiental competente calquera cambio que se produza, no prazo máximo dun mes, que se contará desde esa data, con respecto aos datos e documentos que figuren no Rexistro Xeral de Produtores/as e Xestores/as de Residuos de Galicia.

5. Quen produza residuos, en función das características dos seus procesos produtivos, aplicará tecnoloxías que orixinen os menos posibles, así como as precisas para o control, o tratamento e, se é o caso, a eliminación das substancias perigosas que conteñan.

6. Os/As transportistas que asuman a titularidade dos residuos deberán dispoñer dunha infraestrutura adecuada de almacenamento.

7. Quen produza residuos comerciais estará obrigado/a a entregarlle os seus residuos a un xestor ou xestora autorizado para o seu tratamento, ou ben a acollerse ao sistema de recolla e xestión que o ente local competente estableza para este tipo de residuos.

Artigo 39º.-Importación, adquisición intracomunitaria, intermediación e axencia.

1. Sen prexuízo do establecido na normativa comunitaria e das autorizacións que, cando for o caso, sexan exixibles, quen sexa responsable de importacións e adquisicións intracomunitarias, así como de axencias comerciais ou intermediacións que, en nome propio ou alleo, poñan residuos no mercado ou realicen con eles operacións xurídicas que impliquen cambios de titularidade posesoria mesmo sen contido transaccional comercial, deberá notificarlo previamente á consellería competente en materia de ambiente para o seu rexistro administrativo, indicando, cando menos, as cantidades, natureza, orixes e destino dos residuos, así como, se for o caso, o método de transporte e o método de valorización ou eliminación que se vaia empregar.

2. Regulamentariamente poderase establecer un procedemento adecuado para o control e supervisión.

TÍTULO VI
EXPROPIACIÓN

Artigo 40º.-*Declaración de utilidade pública.*

1. Declárase de utilidade pública e interese social, para os efectos da lexislación de expropiación forzosa, o establecemento ou a ampliación de instalacións de xestión de residuos.

2. A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou a adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

Artigo 41º.-*Solicitud de recoñecemento de utilidade pública.*

1. Para o recoñecemento da utilidade pública das instalacións a que se refire o artigo anterior, será necesario que a empresa interesada o solicite, incluída unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que quen faga a solicitude considere de necesaria expropiación.

2. A petición someterase á información pública e solicitarase informe dos organismos afectados.

3. Concluída a tramitación, o recoñecemento da utilidade pública será acordado pola consellería competente en materia de ambiente.

TÍTULO VII
DA CONTAMINACIÓN E DEGRADACIÓN DO SOLO

CAPÍTULO I
SOLOS CONTAMINADOS

Artigo 42º.-*Declaración de solo contaminado.*

1. A consellería competente en materia de ambiente, de acordo coa normativa vixente, declarará, delimitará e regulará os solos contaminados e a creación do seu correspondente rexistro. O prazo máximo para a notificación da resolución de declaración dun solo como contaminado será dun ano, contado desde o inicio do procedemento para a súa declaración como tal.

2. A resolución que declare un solo como contaminado conterá, polo menos, as seguintes determinacións:

- a) Delimitación do solo contaminado.
- b) As persoas físicas ou xurídicas obrigadas a levar a cabo a limpeza e recuperación.
- c) As principais operacións para a súa limpeza e recuperación.
- d) Se for o caso, medidas preventivas, de defensa e control e de seguimento que se deban adoptar.
- e) Os usos a que non se poderá destinar o solo, mentres subsista a declaración.

f) Requisitos xurídicos e técnicos en que se sustenta a declaración.

Artigo 43º.-*Efectos da declaración.*

1. A declaración dun solo como contaminado obrigará a realizar as actuacións necesarias para proceder á súa limpeza e recuperación, na forma e prazos que determine o órgano competente da Comunidade Autónoma.

2. Terá a obriga de realizar as operacións de limpeza e recuperación quen cause a contaminación, e cando sexan varios/as responderán destas obrigas de forma solidaria e subsidiariamente, por esta orde, os/as posuidores/as dos solos contaminados e os/as propietarios/as non posuidores/as.

3. Unha vez que a declaración dun solo como contaminado sexa firme en vía administrativa, esta será obxecto de nota marxinal no rexistro da propiedade, por iniciativa da consellería competente en materia de ambiente. Esta nota cancelarase unha vez que se declare que o solo deixou de ter tal consideración.

4. A firmeza da declaración dun solo como contaminado implicará a súa inclusión no Rexistro da Calidade dos Solos de Galicia.

Artigo 44º.-*Acordos voluntarios e convenios de colaboración.*

1. As actuacións para proceder á limpeza e recuperación dos solos declarados como contaminados poderanse levar a cabo mediante:

a) Acordos voluntarios subscritos entre quen teña a obriga de realizar esas operacións e autorizados polo órgano correspondente da consellería competente en materia de ambiente.

b) Convenios de colaboración entre quen teña a obriga de realizar esas operacións e as administracións públicas competentes, que poderán concretar incentivos económicos que poidan servir de axuda para financiar os custos de limpeza e recuperación de solos contaminados.

2. En todo caso, os custos de limpeza e recuperación de solos contaminados correrán a cargo de quen teña a obriga, en cada caso, de realizar esas operacións.

3. Os acordos voluntarios a que alude o punto primeiro conterán, polo menos, as seguintes determinacións:

- a) Alcance das operacións de limpeza e recuperación que se vai realizar e obrigas asumidas, por cada unha das partes responsables, en relación con aquelas.
- b) Se é o caso, medidas preventivas, de defensa e control e de seguimento que se deban adoptar.
- c) Prazo de execución.
- d) Orzamento e mecanismos de financiamento.

Artigo 45º.-*Medidas provisionais.*

1. Antes da iniciación do procedemento de declaración de solo contaminado, a consellería competente en materia de ambiente, de oficio ou por instancia de parte, nos casos en que exista un grave risco para a saúde das persoas ou o ambiente, poderá adoptar as medidas provisionais que considere oportunas. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre estas.

2. Unha vez iniciado o procedemento de declaración dun solo como contaminado, o órgano correspondente da consellería competente en materia de ambiente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, nos supostos en que exista un grave risco para a saúde das persoas ou o ambiente.

3. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puidesen ser tidas en conta no momento da súa adopción.

En todo caso, extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento.

Artigo 46º.-*Actividades potencialmente contaminantes de solos.*

1. Quen teña a propiedade de predios en que se realizase algunha das actividades potencialmente contaminantes de solos terá a obriga, con motivo da súa transmisión, de declaralo en escritura pública. Este feito será obxecto de nota marxinal no rexistro da propiedade.

2. Quen sexa titular de actividades potencialmente contaminantes deberá remitirle ao órgano correspondente da consellería competente en materia de ambiente un informe de situación, co contido e periodicidade que regulamentariamente se estableza.

Artigo 47º.-*Relación co plan urbanístico.*

1. Non se poderán executar desenvolvementos urbanísticos nos ámbitos que inclúan solos contaminados en canto a consellería competente en materia de ambiente non declare que os solos deixaron de ter tal consideración.

2. En relación cos ditos solos e co obxecto de determinar a viabilidade dos usos previstos no ámbito que se vai desenvolver, para a tramitación dos plans urbanísticos deberase presentar, xunto coa documentación exixida pola normativa aplicable, un informe da calidade do solo.

CAPÍTULO II

ESPAZOS DEGRADADOS

Artigo 48º.-*Rexeneración de espazos degradados.*

Co obxecto de corrixir os efectos causados por unha deficiente xestión dos residuos, acometeranse as obras e instalacións necesarias para restituír os terreos que foron obxecto de verteduras incontroladas ou dun inadecuado depósito dos residuos por parte de quen os xestione actualmente ás condicións ambientais que posuían antes da iniciación destas actividades.

Artigo 49º.-*Responsables da degradación do terreo.*

1. Consideraranse responsables da degradación do terreo e terán, polo tanto, a obriga en primeiro lugar de restauralo:

a) A persoa física ou xurídica que efectuou a vertedura inadecuada dos residuos e, solidariamente, quen os produciu ou posuía, agás que estes últimos llos entregasen a un xestor ou xestora autorizado para a dita actividade.

b) Subsidiariamente, quen teña a propiedade do terreo onde se produciu a descarga ou, se é o caso, a titularidade do dominio público afectado.

2. Naqueles supostos en que quen tiver a responsabilidade da degradación fose un concello, as actuacións de rexeneración serán acometidas pola entidade local en cuxo territorio se encontre o espazo degradado. A Xunta actuará a través da asistencia e cooperación coas administracións afectadas.

TÍTULO VIII

FOMENTO

Artigo 50º.-*Subvencións.*

A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias, poderá outorgar subvencións para incentivar mecanismos de produción limpa e a implantación das mellores técnicas dispoñibles na xestión dos residuos.

Artigo 51º.-*Promoción.*

A consellería competente en materia de ambiente poderá:

a) Desenvolver, con carácter periódico, campañas de formación e concienciación cidadá dirixidas a fomentar o cumprimento dos obxectivos desta lei.

b) Potenciar a subscripción de acordos entre a consellería competente en materia de ambiente e os sectores produtivos, representantes patronais e sindicais e do asociacionismo ambiental, das asociacións de persoas consumidoras e doutras organizacións de participación cidadá.

c) Promover convenios con entidades públicas ou privadas, para a implantación de medidas tendentes á educación, investigación, información e asesoramento, orientadas especialmente a pemes, para introducir nas empresas as tecnoloxías menos conta-

minantes e prácticas de prevención en materia de residuos.

d) Favorecer, a través de acordos coa consellería competente en materia de educación, a integración de contidos en materia de residuos nos ciclos formativos, co fin de mellorar a conciencia ambiental do estudiantado e da cidadanía en xeral.

TÍTULO IX

INSPECCIÓN, VIXILANCIA E CONTROL

Artigo 52º.-*Órganos competentes.*

A inspección, vixilancia e control do cumprimento desta lei, así como das súas normas de desenvolvemento, corresponde, no ámbito das súas respectivas competencias, á consellería competente en materia de ambiente ou ao concello respectivo.

Artigo 53º.-*Servizos de inspección e vixilancia da Comunidade Autónoma de Galicia.*

1. As funcións de vixilancia e inspección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia relativas ao cumprimento desta lei serán levadas a cabo:

a) Directamente por persoal funcionario debidamente acreditado pola consellería competente en materia de ambiente. Este persoal terá o carácter de axente da autoridade e os feitos constatados por el e formalizados en acta gozarán da presunción de certeza para efectos probatorios. Para tal fin, estará facultado para realizar exames, controis, tomas de mostras e recolla de información e para acceder a aqueles lugares e instalacións onde se desenvolvan as actividades mencionadas nesta lei, logo da identificación e sen necesidade de aviso previo.

b) Por organismos de control debidamente autorizados pola consellería competente en materia de ambiente no ámbito dos residuos.

2. Para o desempeño das súas funcións, os/as axentes da autoridade poderán ir acompañados/as de asesores/as técnicos debidamente identificados e autorizados por quen sexa titular do órgano de que dependan os servizos de vixilancia e inspección, que en ningún caso terán a consideración de axentes da autoridade nin gozarán das potestades desta. Este persoal asesor estará obrigado a gardar segredo respecto dos datos e informacións que coñeza no exercicio destas funcións.

3. Regulamentariamente estableceranse as funcións que desenvolverán as entidades ambientais de control, así como os requisitos e o procedemento para o seu exercicio. Estas entidades de control están obrigadas igualmente a gardar segredo respecto dos datos e informacións que coñezan no exercicio destas funcións de vixilancia e inspección.

Artigo 54º.-*Actas de inspección.*

Os feitos constatados polos/as axentes da autoridade formalizaranse nunha acta e gozarán da presunción de certeza para efectos probatorios. Esta acta

será asinada polo/a axente da autoridade e entregáraselle copia á parte interesada.

Artigo 55º.-*Custos dos servizos de inspección.*

O custo das inspeccións previas á concesión de autorización, así como aquelas que sexan preceptivas, poderá ser imputado a quen solicitase estas ou a quen sexa titular das instalacións inspeccionadas, respectivamente. Tamén se poderá imputar o custo das inspeccións facultativas cando estas se realicen como consecuencia de non atender quen sexa titular da instalación os requirimentos da administración, cando se realicen no ámbito dun procedemento sancionador que remate coa imposición dunha sanción ou cando se aprecie temeridade ou mala fe en quen sexa titular da instalación inspeccionada.

Artigo 56º.-*Autodiagnósticos e auditorías.*

1. Todas as actividades industriais e/ou empresas que xeren residuos industriais deberán realizar autodiagnósticos ambientais, empregándose como ferramenta de control ambiental a auditoría ambiental e a declaración de ecoeficiencia ou de sustentabilidade en consonancia coas definicións desta lei.

2. Os documentos de autodiagnóstico ambiental serán aprobados polo órgano de control ambiental, de modo específico para cada sector cando iso sexa posible.

3. A declaración de ecoeficiencia ou de sustentabilidade terá como base os datos obtidos previamente no documento de autodiagnóstico ambiental.

4. A periodicidade dos autodiagnósticos e declaracións derivadas destes, a que se refiren os números 2 e 3 deste artigo, será anual.

5. Para a verificación da información contida nos documentos de autodiagnóstico e nas declaracións, así como para a revisión destes documentos, o órgano de control ambiental levará a cabo auditorías ambientais.

Artigo 57º.-*Deber de colaboración.*

Quen sexa titular das actividades a que se refire esta lei que sexan obxecto de vixilancia, inspección e auditoría ten a obriga de permitir o acceso, para o exercicio das súas funcións, aos funcionarios e funcionarias ou persoal das entidades ambientais de control debidamente identificados, así como aos asesores e asesoras técnicos que circunstancialmente acompañen o dito funcionariado, e a prestarlles a colaboración necesaria para a realización de exames, controis, tomas de mostras e recolla de información e calquera outra operación para o cumprimento da súa misión.

TÍTULO X

RÉXIME E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

CAPÍTULO I

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 58º.-*Potestade sancionadora.*

1. O exercicio da potestade sancionadora sobre as actividades sometidas ao disposto nesta lei correspóndelles aos órganos correspondentes da consellería competente en ambiente e aos concellos, de acordo cos seus respectivos ámbitos competenciais atribuídos pola lexislación vixente.

2. A inobservancia ou a vulneración das prescricións contidas na lexislación básica estatal, nesta lei e nas normas que a desenvolvan, ou nas ordenanzas e demais normas municipais, constitúen infracción administrativa e serán sancionadas conforme o establecido nos seguintes artigos, sen prexuízo, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

Artigo 59º.-*Responsabilidade administrativa.*

1. Para os efectos do establecido neste título, os residuos terán sempre un ou unha titular responsable, calidade que corresponderá a quen os produza, posúa ou xestione.

2. A responsabilidade será solidaria nos seguintes supostos:

a) Cando quen posúa ou xestione os residuos os entregue a persoa física ou xurídica distinta das sinaladas nesta lei.

b) Cando sexan varios/as os/as responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cadaquén na realización da infracción.

3. Cando os danos causados ao ambiente se produzan por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, a administración competente poderá imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos.

4. Só haberá exención de responsabilidade administrativa para quen ceda os residuos a xestores/as autorizados para realizar as operacións que compoñen a xestión de residuos, e sempre que a súa entrega se realice cumprindo os requisitos establecidos na normativa básica e nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento. En todo caso, a cesión constará en documento fidedigno.

5. Igualmente, para quen posúa residuos urbanos haberá exención de responsabilidade polos danos que poidan derivar de tales residuos, sempre que lles entregasen ás entidades locais ou a xestores/as autorizados por estas, observando as respectivas ordenanzas e demais normativa aplicable.

Artigo 60º.-*Infraccións.*

1. Constitúen infraccións, conforme esta lei, as accións e omisións tipificadas nela, sen prexuízo das

correspondentes responsabilidades civís e penais a que poidan dar lugar.

2. As infraccións desta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 61º.-*Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei ou na normativa que a desenvolva sen a preceptiva autorización ou con ela caducada, revogada ou suspendida, e o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións, así como a actuación en forma contraria ao establecido nesta lei, cando a actividade non estea suxeita a autorización específica, todo iso sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou o ambiente ou cando a actuación teña lugar en espazos protexidos en función do seu valor ecolóxico.

b) O abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolados de residuos perigosos.

c) O abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolados de calquera outro tipo de residuos, sempre que se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou se puxese en perigo grave a saúde das persoas.

d) O incumprimento das obrigas derivadas das medidas provisionais e cautelares, agás os supostos de forza maior ou imposibilidade sobrevida.

e) A ocultación ou a alteración maliciosa de datos achegados aos expedientes administrativos para a obtención de autorizacións, licenzas, permisos ou inscricións relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta lei.

f) A elaboración, importación ou adquisición intracomunitaria de produtos con substancias ou preparados prohibidos pola normativa vixente pola perigosidade dos residuos que xeran.

g) O incumprimento polos axentes económicos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos das obrigas sinaladas no artigo 31º.1 desta lei.

h) A non realización das operacións de limpeza e recuperación cando un solo sexa declarado como contaminado, tras o correspondente requirimento da consellería competente en materia de ambiente, ou o incumprimento, se é o caso, das obrigas derivadas de acordos voluntarios ou convenios de colaboración.

i) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou se puxese en perigo grave a saúde das persoas.

j) A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación dos residuos en condicións distintas das que aparezan nas corresponden-

tes autorizacións ou nas normas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

k) A omisión, no caso de residuos perigosos, dos necesarios plans de seguraza e previsión de accidentes, así como dos plans de urxencia interior e exterior das instalacións, exixibles de conformidade coa normativa aplicable.

l) O incumprimento da obriga de repoñer prevista no artigo 72º.

m) A comisión durante un período de tres anos de dúas ou máis infraccións graves sancionadas con carácter firme en vía administrativa.

Artigo 62º.-*Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei ou na normativa que a desenvolva sen a preceptiva autorización ou con ela caducada, revogada ou suspendida, e o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións, así como a actuación en forma contraria ao establecido nesta lei, cando a actividade non estea suxeita a autorización específica, todo iso sempre que non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

b) O abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolados de calquera tipo de residuos non perigosos, sempre que non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

c) O incumprimento das condicións de almacenamento de calquera tipo de residuos establecidas na normativa.

d) O incumprimento da obriga de proporcionar documentación ou información ou a ocultación ou falseamento de datos exixidos pola normativa aplicable ou polas estipulacións contidas na autorización, así como o incumprimento da obriga de custodia e mantemento da dita documentación.

e) A falta de constitución de seguros, fianzas ou outras garantías, ou da súa renovación, cando sexan obrigatorias.

f) O traslado de residuos con orixe ou destino no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de residuos procedentes doutros estados ou doutra parte do territorio nacional sen os requisitos previstos na lexislación comunitaria, nesta lei ou nas normas que a desenvolvan.

g) No caso de adquisición intercomunitaria de residuos, o incumprimento da obriga de notificar a realización da súa valorización ou eliminación, de acordo co establecido no Regulamento 1013/2006/CE.

h) A obstrución á actividade inspectora ou de control das administracións públicas.

i) A falta de etiquetaxe ou a etiquetaxe incorrecta ou parcial dos envases que conteñan residuos perigosos.

j) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que, como consecuencia diso, non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

k) A entrega, venda ou cesión de residuos non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación dos residuos en condicións distintas das que aparezan nas correspondentes autorizacións ou nas normas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

l) O incumprimento por parte das entidades aseguradoras ou do asegurado da obriga de lle notificar á consellería competente en materia de ambiente a suspensión da cobertura ou a extinción do contrato de seguro.

m) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no artigo anterior cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan a cualificación de moi graves.

n) A comisión durante un período de tres anos de dúas ou máis infraccións leves sancionadas con carácter firme en vía administrativa.

Artigo 63º.-*Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei sen a correspondente inscrición nos rexistros administrativos pertinentes se é o caso.

b) O abandono ou a vertedura de residuos derivados do consumo privado na vía pública e en espazos públicos.

c) O atraso na subministración da documentación ou información que deba proporcionárselle á administración de acordo co establecido pola normativa aplicable ou polas estipulacións contidas nas autorizacións.

d) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no artigo anterior cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan a cualificación de graves.

e) Calquera infracción do establecido nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento ou nas estipulacións contidas nas autorizacións, cando non estea tipificada como moi grave ou grave.

Artigo 64º.-*Prescrición das infraccións.*

1. As infraccións previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

a) As infraccións moi graves, aos cinco anos.

b) As infraccións graves, aos tres anos.

c) As infraccións leves, ao ano.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese, coas seguintes particularidades:

a) Cando se trate de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o

momento da finalización ou cesamento da acción ou omisión que constitúe a infracción.

b) Cando non sexan inmediatamente perceptibles os danos ao ambiente derivados das infraccións, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da súa manifestación ou coñecemento.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento da parte interesada, do procedemento sancionador, e reiniciarase o prazo de prescrición se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á parte presuntamente responsable.

Artigo 65º.-*Sancións.*

1. Pola comisión das infraccións moi graves poderase impoñer algunha das seguintes sancións:

a) Multa desde 31.001 ata 2.000.000 de euros, agás en residuos perigosos, que será desde 301.001 ata 2.000.000 de euros.

b) Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo non inferior a un ano nin superior a dez.

c) Nos supostos de infraccións tipificadas nas alíneas a), d), e), i) e k) do artigo 61º, clausura temporal ou definitiva, total ou parcial, das instalacións ou aparellos.

d) Nos supostos de infraccións tipificadas nas alíneas a), d), e), f), i), j) e k) do artigo 61º, revogación da autorización ou suspensión desta, ou cancelación ou suspensión da inscrición rexistral, por un tempo non inferior a un ano nin superior a dez.

2. Pola comisión das infraccións graves poderase impoñer algunha das seguintes sancións:

a) Multa desde 603 ata 31.000 euros, agás nos residuos perigosos, que será desde 6.020 ata 301.000 euros.

b) Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo de ata un ano.

c) Nos supostos de infraccións tipificadas nas alíneas a), e), f), g), h), i), j) e k) do artigo 62º, revogación da autorización ou suspensión desta, ou cancelación ou suspensión da inscrición rexistral, por un tempo de ata un ano.

3. Pola comisión das infraccións leves poderase impoñer a sanción de multa de ata 602 euros, agás en residuos perigosos, que será ata 6.019 euros.

No suposto da infracción tipificada na alínea b) do artigo 63º, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán establecer nas súas ordenanzas, como alternativa á multa, a posibilidade de que quen cometeu a infracción realice, con carácter voluntario, unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública.

4. A sanción de multa será compatible co resto das sancións previstas nos números anteriores.

5. As persoas físicas ou xurídicas que fosen sancionadas por faltas graves ou moi graves derivadas do incumprimento desta lei non poderán obter subvencións nin outro tipo de axudas da Comunidade Autónoma de Galicia ata cumpriren a sanción e, se for o caso, executaren as medidas correctoras pertinentes.

Artigo 66º.-*Equiparación ao beneficio.*

En ningún caso a multa que se impoña pola comisión dunha infracción tipificada nesta lei resultará máis beneficiosa para quen cometeu a infracción que o cumprimento da disposición infrinxida, e a súa contía poderase incrementar ata o dobre dela, aínda que isto supoña superar as sancións máximas previstas no artigo precedente. A valoración do beneficio ilícito realizarase conforme valores e prezos de mercado.

Artigo 67º.-*Graduación das sancións.*

1. Deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción que se aplique:

a) A natureza do risco ou dano ocasionado, a súa repercusión e transcendencia social, o custo de restitución ou a irreversibilidade do dano ou deterioración producida na calidade do recurso ou do ben protexido.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

c) A contía do beneficio ilícito obtido e o grao de participación dos suxeitos.

d) A comisión da infracción en espazos naturais protexidos pola normativa vixente, así como nos espazos recollidos na Rede Natura 2000 e en áreas de elevado valor paisaxístico, establecidas estas últimas de acordo coa normativa vixente en materia de protección da paisaxe en Galicia.

e) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

f) A adopción, con antelación á finalización do procedemento sancionador, e logo do consentimento do órgano ambiental competente, de medidas correctoras que minimicen ou resolvan os efectos prexudiciais que sobre o ambiente deriven da infracción.

2. Cando a sanción consista no peche temporal do establecemento ou na suspensión da actividade, incluírase no cómputo da duración da sanción o tempo que o establecemento estivese pechado ou a actividade suspendida como medida provisoria ou cautelar.

Artigo 68º.-*Causas modificativas.*

Poderase ter en conta como circunstancia atenuante ou agravante a disposición de quen cometese a infracción para reparar os danos causados.

Artigo 69º.-Prescripción das sancións.

1. As sancións previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As sancións impostas por infraccións moi graves, aos cinco anos.
- b) As sancións impostas por infraccións graves, aos tres anos.
- c) As sancións impostas por infraccións leves, ao ano.

2. O prazo de prescripción das sancións comezara-se a contar desde o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3. Interromperá a prescripción a iniciación, co coñecemento da parte interesada, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable a quen cometeu a infracción.

Artigo 70º.-Publicidade das sancións.

1. O órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar que se dea publicidade ás sancións impostas pola comisión das infraccións graves ou moi graves, por razóns de exemplaridade e sempre que concorra algunha das circunstancias de risco ou dano efectivo para o ambiente, reincidencia ou intencionalidade acreditada, unha vez que as ditas sancións adquiren firmeza.

2. A publicidade das sancións efectuarase nos medios que se consideren oportunos, e na dita publicación farase indicación expresa das persoas físicas ou xurídicas responsables e das infraccións cometidas.

Artigo 71º.-Compatibilidade das sancións.

1. Cando a mesma conduta resulte sancionable conforme esta lei e outras normas de protección ambiental, impoñeráse unicamente a sanción máis grave das que resulten aplicables ou, a igual gravidade, a de superior contía e, no caso de igual contía, prevalecerá a norma especial.

2. O punto anterior non será aplicable ás accións ou omisións que infrinxan normas de protección ambiental e normas de índole sectorial encamiñadas á protección de bens ou valores distintos, ou se funden no incumprimento de diferentes obrigas formais.

Nestes supostos, o órgano ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia deberá remitirle ao órgano competente por razón da materia os antecedentes que estean no seu poder e que poidan acreditar a dita infracción.

Artigo 72º.-Obriga de repoñer e indemnización dos danos ao ambiente.

1. Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, quen infrinxa esta lei terá a obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao ser e estado

anteriores á infracción cometida, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. Para tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

2. Quen sexa responsable das infraccións en materia de ambiente deberá indemnizar polos danos e perdas causados. A valoración destes será feita pola administración, logo da taxación contradictoria cando quen sexa responsable non prestase a súa conformidade á valoración realizada.

3. A prescripción de infraccións e sancións non afectará a obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao seu ser e estado primitivo, nin a de indemnizar polos danos e perdas causados.

Artigo 73º.-Multas coercitivas e execución subsidiaria.

1. Se quen cometeu a infracción non proceder á reposición ou restauración nos prazos e termos fixados na resolución sancionadora, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que serán reiteradas polos lapsos de tempo suficientes para cumprir o ordenado. Estas multas serán independentes das sancións que se impuxesen polas infraccións cometidas e compatibles con elas.

2. A contía de cada unha das multas coercitivas non superará un terzo da multa fixada pola infracción cometida. A contía fixarase tendo en conta os criterios seguintes:

- a) O atraso no cumprimento da obriga de reparar.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A natureza dos prexuízos causados e, en concreto, que o dano afecte recursos ou espazos únicos, escasos ou protexidos.
- d) A reincidencia no incumprimento das obrigas de reparación dos danos causados ao ambiente.

3. Así mesmo, nestes casos, o órgano sancionador poderá, igualmente, proceder, por si ou a través das persoas que se determinen, á execución subsidiaria por conta de quen cometeu a infracción e á súa custa.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 74º.-Procedemento sancionador e resolución.

1. A imposición de sancións e a exixencia de responsabilidades conforme esta lei realizarase mediante a instrución do correspondente procedemento sancionador de acordo co disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o

Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, así como nas normas de desenvolvemento ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada, e resolverá todas as cuestións formuladas no expediente. A resolución deberase ditar no prazo máximo dun ano desde a incoación do procedemento.

3. Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados no curso do procedemento, con independencia da súa diferente valoración xurídica.

4. A resolución será executiva cando poña fin á vía administrativa. Nela adoptaranse, se for o caso, as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia en canto non sexa executiva.

Artigo 75º.-*Relación coa orde xurisdiccional penal.*

1. En calquera momento do procedemento sancionador, cando o órgano competente considere que os feitos tamén poden ser constitutivos de ilícito penal, comunicarllo ao Ministerio Fiscal, solicitándolle testemuño sobre as actuacións practicadas respecto da comunicación.

Nestes supostos, así como cando o órgano competente teña coñecemento de que se está a desenvolver un proceso penal sobre os mesmos feitos, solicitará do órgano xudicial comunicación sobre as actuacións adoptadas.

2. Recibida a comunicación, e se se considera que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puiden corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento sancionador acordará a súa suspensión ata que se dite resolución xudicial.

3. No caso de que a resolución xudicial non estime a existencia de delito ou falta, o órgano competente poderá continuar a tramitación do procedemento sancionador. En todo caso, os feitos declarados probados por resolución xudicial penal firme vincularán o órgano administrativo respecto dos procedementos sancionadores que substancien.

Artigo 76º.-*Medidas provisionais urxentes.*

1. Antes da iniciación do procedemento sancionador, quen sexa titular do órgano competente, de oficio ou por instancia de parte, nos casos en que exista un grave risco para a saúde das persoas ou o ambiente, poderá adoptar as medidas provisionais que considere oportunas.

2. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento dentro dos quince días seguintes á súa adopción. Esta actuación deberase realizar logo da audiencia á parte interesada por un prazo de cinco días. En todo caso, tales medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemen-

to no dito prazo ou cando o acordo de inicio non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

3. Estas medidas provisionais serán independentes das resolucións que sobre a solicitude de adopción de medidas provisionais poidan adoptar os xuíces e as xuízas das ordes civís ou penais debidas ao exercicio de accións de responsabilidade por persoas lexi-timadas.

4. O órgano autonómico competente en materia de ambiente para a adopción das medidas provisionais urxentes e os concellos que, se for o caso, adoptasen medidas provisionais urxentes deberán comunicar entre si -cando estas se ditasen- as súas respectivas resolucións no prazo de dez días desde a súa adopción.

Artigo 77º.-*Apercibimento.*

Se se comproba a existencia de infraccións leves como consecuencia dunha inspección, o órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá apercibir a empresa para que emende os defectos detectados nun prazo determinado, sempre e cando non fose apercibida no último ano por un feito igual ou similar.

Artigo 78º.-*Medidas cautelares.*

1. Iniciado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo, de oficio ou por instancia de parte, poderá adoptar as medidas cautelares que considere necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer, se existiren elementos de xuízo suficientes para isto.

2. As medidas cautelares deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das infraccións cometidas. Estas medidas poderán consistir en:

- a) Medidas de corrección, seguranza ou control que impidan a continuidade na produción do dano.
- b) Precintaxe de aparellos, equipos ou vehículos.
- c) Clausura temporal, parcial ou total, do establecemento.
- d) Suspensión temporal da autorización ou a inscrición para o exercicio da actividade.
- e) Calquera outra medida cautelar tendente a evitar a continuidade ou a extensión do dano ambiental.

3. Estas medidas cautelares adoptaranse logo da audiencia da parte interesada por un prazo de quince días, agás que concorran razóns de urxencia que aconsellen a súa adopción inmediata, baseadas na produción dun dano grave para a saúde humana ou o ambiente, ou que se trate do exercicio dunha actividade regulada nesta lei sen a preceptiva autorización ou con ela caducada ou suspendida, casos en que a medida provisoria imposta deberá ser revisada, ratificada ou deixada sen efecto tras a audiencia das partes interesadas.

No trámite de audiencia previsto neste número daráselles ás partes interesadas un prazo máximo de

quinze días para poderen presentar cantas alegacións, documentos ou informacións consideren convenientes.

Artigo 79º.-Órganos competentes.

1. Nos casos en que, de acordo co establecido nesta lei, a potestade sancionadora corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación e instrución dos procedementos sancionadores será competencia da delegación provincial da consellería competente en materia de residuos.

A iniciación do procedemento sancionador poñerá en coñecemento da dirección xeral competente en materia de residuos, que poderá reclamar para si a súa tramitación se considera que a presunta infracción pon en perigo grave de degradación o ambiente. A resolución dos expedientes a que se refire o número anterior corresponderá:

a) Nas infraccións leves, á persoa titular da delegación provincial da consellería competente en materia de residuos.

b) Nas infraccións graves, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de residuos.

c) Nas infraccións moi graves, á persoa titular da consellería competente en materia de residuos.

2. No suposto regulado nos artigos 62º e 63º, nas súas alíneas b), desta lei, cando se trate de residuos urbanos, a potestade sancionadora corresponderá-lles ás persoas titulares das alcaldías.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia será competente, en todo caso, para instruír e resolver os procedementos sancionadores cando os feitos constitutivos da infracción afecten máis dun termo municipal, e deberá notificarlles aos concellos afectados os actos e as resolucións que se adopten no exercicio desta competencia.

Artigo 80º.-Coordinación e colaboración interadministrativas.

1. O órgano ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia poñerá en coñecemento da administración competente os feitos de que tiver coñecemento que poidan afectar o ambiente, co fin de que se adopten as medidas necesarias para preservalo e, se for o caso, se incoe o procedemento sancionador correspondente.

2. Cando, no suposto anterior, a competencia sancionadora corresponda aos concellos, estes deberán comunicarlle á consellería competente na materia de ambiente as resolucións sancionadoras que adopten, no prazo de quince días desde a súa firmeza en vía administrativa.

3. Así mesmo, cando os concellos tiveren coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de infraccións en materias reguladas nesta lei respecto dos que non teñan atribuída competencia sancionadora, deberán poñelos en coñecemento do órgano ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia

inmediatamente, dándolle traslado das actuacións, documentos e canta información estea no seu poder.

Disposicións adicionais

Primeira.-Normas específicas para os residuos de establecementos sanitarios.

1. A xestión extracentro dos residuos xerados en áreas de centros sanitarios en que non se realizan actividades especificamente sanitarias, que non presenten un risco para a saúde e que, pola súa natureza, son similares aos producidos nos domicilios, correspóndelles ás entidades locais, sempre de conformidade co establecido nos plans autonómicos de residuos. Inclúense nesta clase os residuos xerados en estancias tales como oficinas, almacéns, salas de espera, cafeterías ou comedores.

2. A xestión extracentro do resto de residuos sanitarios, agás disposición específica en contrario, corresponde a quen os produza, que llelos debe entregar a xestores/as autorizados de residuos; no caso dos residuos da clase II ou residuos sanitarios asimilados a urbanos, que son aqueles xerados como resultado da actividade sanitaria propiamente dita, poderanse acoller ao sistema de xestión que estableza a entidade local competente.

Segunda.-Contratación pública.

Nos pregos de condicións administrativas dos contratos administrativos que realicen a Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades de dereito público vinculadas a esta, detallarase a parte do orzamento de licitación que se deberá destinar para sufragar os custos da correcta xestión dos residuos xerados na súa execución.

Disposición derogatoria

Única.-Queda derogada a Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, así como todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación normativa.

Habíltese o Consello da Xunta de Galicia e a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que, no prazo dun ano, dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor no prazo de tres meses desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de novembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente